## CORRECCIÓN ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACION DA EXECUCION DO PROGRAMA DE INTERVENCION E PEDAGÓXICO " APRENDE XOGANDO. Corrrección acta da Apertura económica.**

-----------------------------------------------------------------------------------------------------------

Habendose producido uns erros de transcripción nos prezos ofertados polas licitadores SERVIPLUS TOTAL, S.L.U e FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL de modo que aparecen reflectidos na acta importes que non son os realmente ofertados por elas, procedese a corrección dos mesmos quedando a acta como segue:

## "ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACION DA EXECUCION DO PROGRAMA DE INTERVENCION E PEDAGÓXICO " APRENDE XOGANDO. Apertura económica.**

Sendo as 13:30 horas do día 23 de abril de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular; dona Paz Abraira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; dona Elba Anido, Xefa do Servicio de Intervención; dona Ana I. Saez Mancebo, letrada asesora do Concello e actuando como secretario don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Asisten a este acto público dona Belén Gavin, en representación da mercantil SERVIPLUS TOTAL S.L.U. e dona Victoria Silvarey Rodriguez, en representación da mercantil FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario a dar lectura dos informes técnicos emitidos pola Avogada responsable técnica da Casa da Muller (en relación ca **calidade do programa educativo**) con data do 26 de marzo de 2015, do que resultan as seguintes puntuacións:

| | **TOTAL** |
|---|---|
| SERVIPLUS | **5** |
| CAMIÑA SOCIAL | **2,5** |
| A BILLARDA S.L | **10** |
| ALENTI S.L | **0** |

E polo Servicio de Intervención e polo Servicio de Contratación (en relación ca **calidade no emprego)** con data do 20 de abril de 2015, do que resultan as seguintes puntuacións:

| | Melloras salariais | Melloras laborais | Plan de formación | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| SERVIPLUS | 2,5 | 0 | 0,51 | **3,01** |
| CAMIÑA SOCIAL | 0 | 0 | 0 | **0** |
| A BILLARDA S.L | 0 | 2,5 | 5 | **7,5** |
| ALENTI S.L | 0 | 0 | 0,26 | **0,26** |

A continuación procedese á apertura dos sobre B ( oferta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliables automáticamente) das mercantis admitidas á licitación, co seguinte resultado:

- SERVIPLUS TOTAL S.L.U.:
* prezo anual do contrato:122.205,44 euros sen IVE máis 10% IVE (12.220,54) o que resulta un total de 134.425,98 euros IVE incluído.
*10.164 euros/anuais IVE incluído destinada a adquisicion de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa
*520 horas anuais a maiores dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa

- FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL:
* prezo anual do contrato:115.100 euros sen IVE máis 10% IVE (exento)
*8.000 euros/anuais IVE incluído destinada a adquisicion de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa
*200 horas anuais a maiores dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa

- A BILLARDA, S.L:
* prezo anual do contrato:124.000 euros sen IVE máis 10% IVE (12.400) o que resulta un total de 136.400 euros IVE incluído.
*10.000 euros/anuais IVE incluído destinada a adquisicion de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa
*10 horas anuais a maiores dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa

- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U.:
* prezo anual do contrato:115.914,60 euros sen IVE máis 10% IVE (11.591,46) o que resulta un total de 127.506,06 euros IVE incluído.

*3.500 euros/anuais IVE incluído destinada a adquisicion de material funxible necesario para o desenvolvemento do programa de
*25 horas anuais a maiores dos previstos nos pregos como necesarios para o desenvolvemento do programa de

A vista do cal os membros da mesa acordan realizar as comprobacións necesarias para verificar se algunha das ofertas debe ser considerada anormal ou desproporcionada segundo o prego de claúsulas administrativas particulares ; de ser o caso solicitarase xustificación as empresas nesa situación e informe posterior do técnico competente.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento

A PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.:Sonia Mendez García Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei"